



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 27 DE ABRIL DE 2015
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

FALTAN Á SESIÓN

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PSdeG-PSOE
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro do PSdeG-PSOE

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as catorce hores do día vinte e sete de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

1º.- SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS 2015.

2º.- RATIFICACIÓN INTEGRACIÓN CONCELLO DA ESTRADA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 23-04-2015.

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

1º.- SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS 2015.

Sr. Alcalde: Benvidos á sesión extraordinaria do Pleno. A Orde do Día sería a seguinte: a parte resolutoria e única, o punto primeiro é o sorte dos compoñentes das Mesas Electorais para as Eleccións Locais de 2015.

É exactamente o mesmo sistema e a mesma forma que tódolos anos, o que pasa é que este ano con unha pequena diferenza, que me comentaba a Sra. Secretaria, é que, aínda que non se comuniquen, se van a sacar hasta un máximo de 9 suplentes para cada posto de mesa para que no caso de que tanto o titular como os dous suplentes se recusasen, podamos tirar da lista. É a única novidade que hai, deixalos recollidos aínda que non se lles vaia a comunicar, non se lles vaia a mandar comunicación a esos 9 suplentes, só ao titular e aos dous primeiros suplentes de cada unha das Mesas. Así que, si lles parece, procedemos ao sorteo.

Moi ben, efectuado o sorteo, posteriormente, intentaremos hoxe despois do Pleno entregar unha copia a cada grupo político do resultado da comunicación das mesas electorais.

Aberta a sesión, o Sr. Alcalde explica que se procede a efectuar o sorteo para as Eleccións Locais 2015, entrando no mesmo o CERE e CERES.

Así mesmo sinala que neste procedo electoral se procede a nomear a 9 suplentes por cada membro de Mesa aínda que tan só se lles notificará o nomeamento ao titular e segundo suplente de cada membro da Mesa, quedando os outros nunha lista de reserva para casos de escusa dos titulares e primeiros suplentes.

Asemade, sinala que o resultado do sorteo atoparase en papel a disposición dos grupos políticos nas oficinas da Alcaldía en aproximadamente unha hora.

Coa conformidade dos Sres. Concelleiros, e a indicación do Sr. Alcalde, e coa asistencia do Informático do Concello, realízase o sorteo por medios informáticos, do que da conta a Secretaria Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN INTEGRACIÓN CONCELLO DA ESTRADA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 23-04-2015.

Sr. Alcalde: O punto nº 2 é ratificación da integración do Concello da Estrada na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela; segundo ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de 23 de abril de 2015.

Para tratar este asunto ten a palabra o señor D. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda: Bos días. Traemos ao Pleno o Ditame favorable emitido pola Comisión de Organización en relación ca ratificación da vontade deste Concello de integrarse na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela e asumir o compromiso de aportar no momento da sinatura do acordo a cantidade estimada de 6.164,00 €, que xa figura orzamentado para o ano 2015. Este Ditame foi aprobado unanimemente por todos os membros da Comisión.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas. Algunha intervención?. Non hai ningunha intervención, polo tanto pasamos á votación deste punto número 2, que é a ratificación da integración do Concello na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 21-04-2015, en relación co asunto de referencia.

Visto que en maio do 2014 este Concello solicitou ante a Dirección Xeral de Mobilidade a integración no Plan de Transportes Metropolitano de Galicia, concretamente na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.

Visto o estudo económico realizado pola Dirección Xeral de Mobilidade no que cifra a aportación do Concello para a integración na citada Área en 6.164,00 €

Visto que no Orzamento para o ano 2015 existe unha partida destinada a tal efecto dotada con 12.000,00 €

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais de data 23-04-2015.

DITAMINAMOS:

Ratificar a vontade deste Concello de integrarse na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela e asumir o compromiso de aportar no momento da sinatura do acordo da integración a cantidade de 6.164,00 € xa que no orzamento do ano 2015 existe unha partida destinada a este fin.

Sr. Alcalde: Non habendo máis asuntos que tratar, levantamos a sesión. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás catorce horas quince minutos minutos.

A Estrada, 27 de abril de 2015
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso